



**SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 24 de abril de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 24 de abril de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 17/04/2017, que se aprobou por unanimidade.

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/1766

Dáse conta de informe da Policía Local dando conta de que dende a ampliación do Hospital do Salnés, coa construción do novo edificio de urxencias, parte do mesmo atópase en terreos do Concello de Vilanova de Arousa polo que os novos viais a partir da rotonda xa existente puideran encadrarse no Concello de Vilanova de Arousa, polo que as denuncias de infraccións de tráfico corresponderían á Policía Local de Vilanova de Arousa e a sanción ó Alcalde da citada localidade.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/1767

Dáse conta de instrución de Portos de Galicia sobre regulación de criterios de autorización de ocupación de dominio público portuario con destino á celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir a citada comunicación ás Comisións de Festas de Carril, Vilaxoán e á FPSDM.

Acórdase así mesmo solicitar a Portos de Galicia que as actividades promovidas por administracións e entidades sen fins de lucro estean exentas do pago das taxas.

PRP2017/1772

Dáse conta de informe da Policía Local en relación coa deficiencia de visibilidade no Paso de Peóns situado na Avda. Doutor Tourón, á altura do nº 25 e proponendo o seu traslado uns metros cara atrás ou eliminar a zona de reserva de carga e descarga, e que mediante a perda dunha praza se faga indistintamente un estacionamento de bicicletas, motos ou calquera outro uso que axude a mellorar a visibilidade.

Indican así mesmo que aínda que esta rúa está no trazado da PO-549, esta sería unha medida que non necesitaría autorización do Organismo titular da vía.



A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda ao traslado do paso de peóns ao lugar indicado pola Policía Local.

Dar conta ao Servizo de Sinalización (D. Mario Vázquez).

PRP2017/1773

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Mantemento e Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Transportes y Construcciones Dieguez, S.L.** para a reposición da reixa separadora e filtrado de sólidos” do bombeo Punta Preguntoiro, por un importe total de 1.754,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/1775

Dáse conta do Decreto 38/2017, do 23 de marzo, da Consellería de Sanidade, polo que se regula a instalación e o uso de desfibriladores externos fóra do ámbito sanitario, e se crea o seu rexistro.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta ao Servizo de Emerxencias para que procedan a tramitar a correspondente inscrición no rexistro citado, dos desfibriladores que se atopan en instalacións municipais.

PRP2017/1802

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente a produción e emisión, durante o ano 2017 de microespazos e cuñas publicitarias das campañas promovidas polo Concello e un programa de dez minutos por semana, a favor de **Cadena Ser – Radio Pontevedra, S.A.**, por un importe total de 14.520 € (IVE incluído) (3.630,00 €/trimestre), con cargo á partida 926.22602 coa finalidade de dar continuidade ao acordo da Xunta de Goberno Local de 28 de novembro de 2016.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/1804

Vista a proposta da Tesoureira, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Teleservicio Instalaciones de Oficina, S.L.** para o subministro de unha cadeira modelo TNK Flex, para a súa reposición en Tesourería, por un importe total de 586,85€ (IVE incluído), con cargo á partida 931.215.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/1842

Dáse conta do escrito presentado por D. Felipe Rey Rodríguez, en representación de **LUSITANIABUENCAFÉ, S.L.**, solicitando autorización para celebrar os días 5, 6 e 7 de maio na Rúa A Baldosa a “FEIRA DE ABRIL”, coa celebración de concertos e actuacións e ao aire libre.

Dáse conta de informe da Responsable de Licenzas de Actividades, acórdase acceder ao solicitado, así como a colaboración municipal coa cesión de dous palcos, debendo axustarse ás seguintes condicións:



- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2016/5941

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a renovación dos seguintes contratos de mantemento para o ano 2017 coa Empresa **Visual Publinet, S.L.**, con cargo á partida 9201.22607:

- Mantemento da páxina web (programación e deseño), por un prezo de 2.032,80 € (IVE incluído), realizando a facturación de forma trimestral, por un prezo de 508,20 € (IVE incluído).
- Rexistro e aloxamento do dominio “conservatoriovilagarcia.es”, por un importe total de 242,00 € (IVE incluído).
- Mantemento e aloxamento de dominio “vilagarciaactiva.com”, por un importe total de 871,20 € (IVE incluído).
- Mantemento e aloxamento de dominio “visitvilagarcia.es”, por un importe total de 508,20 € (IVE incluído).

Lémbrese ao proveedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Emprego

PRP2017/1784

Dáse conta da Orde do 29 de marzo de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda:
1º- Aprobar o Proxecto de Obradoiro de Emprego **LABORA@XOVEN17** baseado na realización das seguintes obras de utilidade colectiva:

- Asistencia operativa aos técnicos deportivos no desenvolvemento de actividades deportivas, tarefas de control de acceso, circulación, asistencia a usuarios e mellora da seguridade nas instalacións deportivas de titularidade municipal.
- Asistencia operativa aos Servizos Municipais de Emerxencias e a Fundación Municipal de Deportes nas actividades de socorrismo en espazos acuáticos realizándose as mesmas exclusivamente en colaboración coa Fundación Municipal de Deportes e o Servizo de Emerxencias do Concello de Vilagarcía en espazos de titularidade municipal do Concello como a piscina, sita no complexo deportivo de Fontecarmoa e espazos naturais de uso público, como as praias da Concha, Compostela, Preguntoiro e Campanario, cuia competencia en servizos de Protección Civil e Municipal.

Para a realización destas obras o número de persoas participantes será de 15 distribuídas nas seguintes especialidades:

- Operacións auxiliares na organización de actividades e funcionamento de instalacións deportivas (AFDA0511)
- Socorrismo en espazos acuáticos (AFDP0209/AFDP0109).



2º. Aprobar a solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria da subvención correspondente de CENTO CUARENTA MIL CENTO OITENTA E OITO CON SESENTA E CINCO EUROS (140.188,65€)

3º. A aprobación da dotación orzamentaria, de VINTE E CINCO MIL EUROS (25.000€) para o financiamento da parte do custo do proxecto que non sexa subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, con cargo ás partidas 2412-131:13.507,48€, 2412-22199:5.618,20€ e 2412-16000: 5.874,32€.

PRP2017/1785

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar orzamento presentado por **KAEME Consultoría e Prevención, S.L.** para a realización do programa de accións formativas destinadas á alfabetización e capacitación dixital na aula CEMIT do Concello por un importe total de 15.000 €, con cargo á partida 241.22799. (Proxecto (3) nº 01/12/2017).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2017/1786

Dáse conta da resolución da Xunta de Galicia das subvencións aos Concellos para a dotación de novidades editoriais en galego con destino ás Bibliotecas e/ou Axencias de Lectura, pola que se concede ao Concello de Vilagarcía de Arousa a cantidade de 2.636,66 € para a Biblioteca Pública Municipal e as Axencias de Lectura de Bamio, Carril e Vilaxoán.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora. Proxecto (3) Nº 01/26/2017.

Sanidade

PRP2017/1787

Dáse conta do escrito presentado por D. Javier Fernández Olivares e D. Daniel Ramil Díaz, en representación do **Colectivo de Taxistas de Vilagarcía de Arousa** comunicando a súa preocupación pola situación creada en torno á parada de taxis do Hospital do Salnés e mostrando a súa disconformidade coa posible creación dunha parada de taxis común para os taxis dos municipios de Vilagarcía de Arousa e de Vilanova de Arousa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar á Xefatura Provincial da Consellería de infraestruturas a disconformidade deste Concello coa futura implantación dun area de prestación de servizo de taxi conxunta.

Dar conta ao Colectivo de Taxistas.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Medio Ambiente

PRP2017/1791

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar á Empresa **Cogami Reciclado de Galicia, S.L. (COREGAL, S.L.)**, a retirada e xestión do colector de plásticos mesturados do punto limpo, por un importe de 120 €/t (IVE non incluído) no caso de fraccións de plásticos non valorizables e 0 €/t. no caso das fraccións valorizables, resultando un importe total aproximado de 422,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 170.22700.



ASUNTOS DE CULTURA

PRP2017/1793

Dáse conta do convenio de colaboración no Eido Cultural entre o Concello de Vilagarcía de Arousa, a Fundación Galicia Obra Social e ABANCA Corporación Bancaria, S.A., que ten por obxecto a execución dun programa cultural en beneficio dos veciños consistente na realización da exposición “Unha mirada de antano: Fotografías de Ruth Matilda Anderson en Galicia”.

A Xunta de Goberno Local acorda a sinatura do citado convenio.

PRP2017/1794

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a provisión de fondos a favor da Concelleira **Dona Luz M^a Abalo Pérez**, para o día 27 de abril de 2017, con motivo da celebración dos Maios 2017, por un importe total de 6.105,00€, coa seguinte desagregación:

- Con cargo á partida 334.48100: 5.240,00 € para o pagamento de premios.
- Con cargo á partida 338.22699:
 - 715,00 € para a compra de 65 kg. de roscas a Emilia Iglesias Catoira.
 - 150,00€ para presentación festas dos maios 2017 a Asociación Cultural Escuadra 17.

PRP2017/1795

Vista a solicitude de Dona Monserrat Pug I Amigó, en representación de **Eina D'Escola S.L.** e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal o día 11 de maio en horario de 9:00 a 14:00 hrs, para a representación dunha obra de teatro dirixida a escolares de Vilagarcía de Arousa, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

A presente autorización concédese condicionada ao seguinte:

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Sinalarlle, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.
- Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).
- De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:
 - Salón de Actos: 264,70 €.
 - Responsable de sala: 6 horas estimativas (10,20 x 6): 61,20 €

Dar conta ao Departamento de Rendas

PRP2017/1796

Vista a solicitude de D. Xosé Antón Antelo Lema, en representación de **THINKING UP EVENTS SLU.** e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal o día 26 de maio durante todo o día, para unha actuación a cargo do monologuista D. Miguel Lago, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.



Esta actividade ten un prezo de entrada anticipada de: 13 €/zona A e B; 10 €/zona C. O prezo de venda en taquilla será 15 €/zona A e B; 12 €/zona C, sendo a recadación para o solicitante e dado que a venda de entradas será a través da canle de Ticketea.com. será a cargo do solicitante os gastos ocasionados pola mesma.

A presente autorización concédese condicionada ao seguinte:

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
 - Sinalarlle, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.
 - De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:
 - Salón de Actos: 264,70 €.
 - Responsable de sala: 8 horas estimativas (10,20 x 8): 81,60 €
 - Persoal de taquilla: 4x2 = 8 (10,20x8) = 81,60 €
- Dar conta ao Departamento de Rendas

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/1797

Dáse conta de escrito remitido por ADIF comunicando a finalización da vixencia do contrato de arrendamento do local do Museo do Ferrocarril (Expte. Nº 36600 0002 001) e indicando que en caso de interese pola renovación do mesmo deberá manifestarse á Xefatura de Patrimonio e Urbanismo para a formalización dun novo contrato, cunha renda de 1.840,00 €/ano, máis IVE, dando un total de 2.226,40 €/ano.

A Xunta de Goberno Local acorda a renovación do contrato que regulará a ocupación do edificio antigo apeadeiro para o seu uso como sede do Museo do Ferrocarril por un período de catro anos, facturando dende o inicio da prórroga no presente ano 2017 (de maio a decembro), por un importe de 1.484,24 €, con cargo á partida 432.202, procedendo despois a facturar por ano natural.

PRP2017/1798

A Xunta de Goberno Local acorda introducir os seguintes criterios con respecto ao acordo de adjudicación definitiva do Servizo de Limpeza de edificios e instalacións dependentes do Concello á Empresa Clece SA, que se levou a cabo na Xunta de Goberno Local de data 13 de febreiro de 2017 en relación coa facturación que por parte de Clece, S.A. se efectúa ao Concello e á FPSDM:

- 1.- O importe da baixa no prezo da adjudicación aplicarase proporcionalmente na facturación das diferentes instalacións municipais así como na facturación da Fundación de Deportes.
- 2.- A limpeza de edificios e instalacións municipais que afecta a instalacións deportivas se facturará á Fundación de Deportes.
- 3.- Estes criterios serán de aplicación dende a sinatura do contrato do Concello de Vilagarcía de Arousa con CLECE, S.A., é dicir dende o día 1 de abril de 2017.

PRP2017/1799

Dáse conta de Resolución do **Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)** de pagamento ao Concello de Vilagarcía de Arousa da cantidade de 49.426,99 € en concepto de pagamento final da subvención concedida para o PROXECTO PARA A MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EN EDIFICIOS MUNICIPAIS NO TÉRMINO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA NO PAVILLÓN FEIRAL DE FEXDEGA.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.



PRP2017/1801

Vista Resolución do 22 de marzo de 2017 (DOGA número 57), do Instituto Enerxético de Galicia, polo que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2017, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar ó Instituto Enerxético de Galicia INEGA unha subvención para o subministro e instalación dunha estufa de biomasa para a Casa de Cultura de Fontecarmoa, sendo o seu custe total de 7.235,80€ (IVE excluído), polo que a axuda a solicitar ascende a 2.942,72€, de ser concedida a subvención realizarase a modificación de crédito correspondente.

PRP2017/1869

Vista Resolución do 22 de marzo de 2017 (DOGA número 57), do Instituto Enerxético de Galicia, polo que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2017, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar ó Instituto Enerxético de Galicia INEGA unha subvención para o subministro e instalación de dúas estufas de biomasa para a Casa de Cultura de Faxilde, sendo o seu custe total de 8.488,15€ (IVE excluído), polo que a axuda a solicitar ascende a 3.029,84€. De ser concedida a subvención realizarase a modificación de crédito correspondente.

PRP2017/1870

Vista Resolución do 22 de marzo de 2017 (DOGA número 57), do Instituto Enerxético de Galicia, polo que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2017, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar ó Instituto Enerxético de Galicia INEGA unha subvención para o subministro e instalación dunha estufa de biomasa para a Casa de Cultura de Galáns, sendo o seu custe total de 6.981,70€ (IVE excluído), polo que a axuda a solicitar ascende a 2.942,72€, de ser concedida a subvención realizarase a modificación de crédito correspondente.

PRP2017/1805

Dáse conta do expediente tramitado para a adxudicación dos traballos de realización dun estudo xeotécnico para a realización das obras de “Construcción de Escola Infantil en Vilaxoán”, e das ofertas presentadas, seguintes:

- Estudios Mikar, S.L., que ofrece o prezo de 2.942,60 € (IVE incluído)
- Enmacosa Consultoría Técnica, S.A., que ofrece o prezo de 2.683,78 € (IVE incluído)
- Galaicontrol, S.L., que ofrece o prezo de 3.080,66 € (IVE incluído)

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato de servizos consistente na realización dun estudo xeotécnico para a obra denominada “Construcción de Escola Infantil en Vilaxoán” por un importe total de 2.492,60 € á Empresa **Mikar, S.L.** de conformidade coa oferta presentada, con cargo á partida 150.640, por ser a oferta máis vantaxosa para o Concello.



PRP2017/1806

Dáse conta do expediente tramitado para o subministro e instalación de catro novos recintos frigoríficos e as súas correspondentes portas pivotantes, así como recuperación de equipos frigoríficos, montaxe e posta en marcha das novas cámaras para a ubicación dos carniceiros nas súas novas dependencias do Mercado de Abastos, e da única oferta presentada por **D. Isidro Fernández Portas (IFERFRIO)**, que ofrece o prezo de 15.022,15 € (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a **D. Isidro Fernández Portas** o subministro e instalación de catro novos recintos frigoríficos e as súas correspondentes portas pivotantes, así como recuperación de equipos frigoríficos, montaxe e posta en marcha das novas cámaras, por un importe total de 15.022,15 € (IVE incluído), con cargo á partida 4312.62300, de conformidade coa oferta presentada. Proxecto (4) nº 01/01/2017.

PRP2017/1807

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobado o informe técnico sobre tarefas a realizar na fachada e interior do edificio da antiga Peixería, por importe de 14.509,72 € (IVE excluído) ó que lle corresponde un IVE (10%) de 1.450,97 €, o que totaliza un importe de 15.960,69 €.
- 2.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, de acordo co establecido na base 14ª do Plan Provincial de Obras e Servizos 2015, a reinversión da baixa obtida na adxudicación do contrato "Mellora da cuberta do edificio da Peixería", no mesmo investimento, de conformidade co indicado no informe do Arquitecto D. Javier Vázquez Fernández. Proxecto 21/2/2015.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.